


HABELAS: Recollida, Imaxe, Son e Creación colectiva.

Begoña Cuquejo



Luneda_6



A amiga máis grande que un ten na vida eres tú, porque mira si te cuidas, cuidaste pra ti, se cuidas o teu entorno coidalalo pra ti, e si non eres casada e si casas algún día, non seas calquera cousa, tes que ser nai do home, nai dos fillos, e nai dos sogros, si...porque é o noso deber, entendido.



Luneda_1 Posición

Voucho cortar nove días, entendido, pois isto é bo de sabere, e rézase... : un Padre Nuestro e un Ave Maria deixa quedar este corpo libre, entón rezas un padre nuestro e un ave Maria. Sempre, xá vos digo... se non tedes un crucifijo ou unha medalla bendecida, sirve un pantalón dun home, sin lavar, usado!, eh?, sempre polo revés, que tamén vale. Entonces quérovos decir que esto é bo de sabere porque a envidia existe. A envidia existe. E despois tamén...aire de... tamén se dice: "aire tatallo, s'eres de vivo,

s'eres de morto, se eres de algún excomulgado, vai ao *marca allado, onde non aes cantar* nen galiña nin galo, pola gracia de Dios e da Virxe María, un padre nuestro e un ave Maria, deixa quedar este corpo libre", pero conque despois aprendín en cataluña co irmán dun cura a cortalo co aceite, é máis rápido co aceite, sabedes? e máis rápido co aceite.. se queredes o mesmo,.... s'eres de vivo, s'eres de morto, s'eres de algún excomulgado,.... Que non é broma ningunha, sabedes?, estas cousas debíadelas de aprender por escrito.



Luneda_2

E no 36 antes de estalla-la guerra meu pai abandonounos e amigouse cunha tipa que botaba as cartas, cunha bruxa de esas, o caso e que deu cabo del. amigouse cunha tipa, el viña a casa para mallar na miña nai, bueno que pasou?

Que fixo moito dano, fíxonos moito dano porque cortoulle un peito a mama, e fixo moito dano, era bo, pero aquela bruxa deu cabo del, hai que ter moito coidado que as bruxas existen!entendido

Ela mama era analfabeta e aquela fulana escribiolle as cartas para mama o caso era que por carta ela foise enamorando del... e cando cheghou deulle bruxedo e case o volveu tolo, sabedes que lle deu?, deulle bruxedo deulle da regla que ela largaba!



se despliegan los
bales

Luneda_3

Tes aire de defunto, é aire de defunto!, que non pensedes que os defuntos... que morren. Mira! cando vaiades a un entierro buscai de estar sempre do lado do sol como por exemplo por aqui hai un pasillo, non?, o sol vai da parte d'ali, nunca te poñas da parte d'ali, ponte da do outro lado. Entendido? Hai que ter(e)... despois hai xente que morre pero non morre... coidado que as personas, morren, pero non morren hai xente moi mala, e non cabe en ningunha parte, e andan a facere moito dano.

Luneda_7

De musgo de piñeiro e de carballo, non destiñe nin coa lejjá, musgos de carballo e musgos de piñeiro, sabedes o que son musgos? Entón faise o seguinte, bótase auga nunha boa caldeira onde caiba a lan que ti queiras teñir, bueno si non tiñes moito non precisas botar moito..., bueno; e tamén vai ben choucho de maceira e rabullóns de..., non sei como lle chamades vos, as setas o que nacen nos pés das maceiras.



Luneda_8

Mira, moitas veces hai que ter ollos e non vere, oídos e non oire, e boca e non falare, mira que eu vin moita cousa de comprometerse personas, cando era nena e todo, pero da miña boca non saliu nada... non hai peor cousa que desprestigiar a nadie, que de aquí ven a envidia, que falar mal doutro e envidia, sabedes?, entón que pasa,... mira, Se ves unha nena que vai por mal camiño, cando a apañas coa tua man,... daslle un conselliño, avisala que teña coidado,... pero cala, non digas nada,

Porque mira a honra dunha persoa representa o que é un saco de plumas, desplumades unha galiña e subides a un campanario cando faga moito aire soltades as plumas...

A VER SI LOGO TENDES COLLONS DE IR XUNTAR TODAS



Habelas. Materiais

Os debuxos

son macacos que fun facendo ao longo da obra, horas e horas en cafés repensando cada escena, cada material que tiñamos. Os debuxos eran para ubicarme, a modo de *story board*.

Os textos

Foron recollidos en Luneda, nunha entrevista con Concha, a única muller de Galicia, que seica toca o pandeiro con pau. Fomos levados ata alí por Davide. Pasamos unha tarde en casa de Concha escoitando e gravando dúas horas ininterrompidas dunha historia de vida espectacular. Estes son extractos recollidos que utilizamos na obra escénica. Hai outros extractos distintos e máis unha sorpresa de Concha, que se poden escoitar no cd editado por traspediante coa música xerada por Ariel Ninas no proceso de *Habelas*.

Habelas. A obra

A imaxe

A imaxe-corpo3d. En habelas o corpo trabállase, sobre todo ao principio, desde un lugar que se move nun tempo moi dilatado e denso. Ensaíamos as escenas partindo de técnicas e lugares diversos. Achegámonos ao tronso, con xogos de hipnose; traballamos o corpo ao servizo do artiluxio máxico e adentramos en imaxes profundizando nelas ata transformalas nun espazo cheo de matices diversos, como nunha proposta de Marta que consistía en traballar a partir da idea dunha cabeza suspendida polo cabelo.

A imaxe-proxectada2d. Nesta ocasión queríamos que quedase moi integrada na obra, que non fose unha gravación paralela proxectada, senón outra ferramenta máis que falase da transformación, do ilusionismo, das sombras ou dos reflexos, da serie de conceptos que fomos rescantando da recollida de campo, e sobre todo, do libro de *Antropaloxía Cultural de Galicia* de Tolosana. E ademais, que se relacionase directamente cos xogos de sombra e luces que propuxo Paulina.

O son

A música é fundamental nesta peza, durante todo o proceso se traballou con Ariel Ninas, creando a obra, cóbado con cóbado, co resto do equipo. Ariel toca a zanfona en directo e música electroacústica.

Os textos da señora tamén foron incluídos no espazo sonoro. Interésame moito a utilización en escena da voz en off de recollida documental. Bailar os silencios, ou os ritmos das sentencias dos discursos e tamén deixarse tocar polos cantidos, pero non demasiado. Prefiro que camiñen por lugares paralelos, e se unan tan só na mente do espectador, ao seu antollo.

O proceso

Esta peza comezou coa idea de explorar a maxia escénica. Daquela, eu estaba ocupada sobre todo traballando na maxia, con Vituco, e no ámbito da clínica utilizando a hipnose. Preguntábame: Ten cabida a fantasía no escenario contemporáneo?

Non creo que nós lográsemos aínda responder a esta cuestión, continúa a ser un aspecto sen resolver. E os meus

intereses na actualidade van por outro camiño, apuntan cara aquilo que mostra os seus mecanismos, que desvela a poética das entrañas, que non disimula.

Hai, no entanto, outro aspecto que si ficou resolto para min no proceso, e que fai referencia ao papel fundamental que xoga o traballo colectivo na creación. No meu caso, crear algo a partir dunha idea só ocorre grazas ao "outro". E, neste sentido, debo dicir que tiven moita sorte, porque "os outros" son todos grandes amigos-familia.

O que máis me ilusiona dos procesos é ver como crece unha idea, pasando coma unha pelota dunha cabeza a outra. Esa é, para min, a maxia da creación escénica.

habelas

Creación. Marta Alonso, Begoña Cuquejo, Paulina Funes

Música ao vivo. Ariel Ninas

Iluminación. Paulina Funes

Coreografía. Marta Alonso e Begoña Cuquejo

Axudantes de dirección. Estevo Creus, Rut Balvís

Dirección. Begoña Cuquejo

E moitos outros/as que podes atopar se entras en:

<http://www.traspediante-habelas.blogspot.com/>